INTERVENCIÓN EN SAÚDE MENTAL CON PÚBERES E ADOLESCENTES

Aportes da Metodoloxía ProCC

A adolescencia como etapa vital é **cambio e construción**. Prodúcense procesos tan importantes de loito como a **diferenciación e separación** das figuras significativas da infancia, o desasemento parental, o loito do corpo de neno/a e das vivencias pracenteiras e dispracenteiras que ese corpo ofrece, a apertura a un espazo exterior, o dos pares, as aprendizaxes, un afora que debe soster ese proceso de deconstrución ata que poidas volver armar a nova pel. Débese atopar novas persoas, sobre todo novos pares cos que identificarse, frente a diferenciación radical que implica o desprendemento, atopándose coa asunción e construción da súa **identidade** sexual e de xénero, e fundamentalmente, debe facer unha síntese e elaboración simbólica para conformar un **proxecto vital** que o guíe polos ventos de incertidume.

¿Como pasar por este proceso sufrindo de "estar doente de futuro" e atravesado pola inmediatez, o individualismo, o baleiro de valores, que marcan a sociabilidade cotián?

Neste marco de **contradicións** actuais non sorprende a omnipresencia da **ansiedade** nos e nas adolescentes e na mocidade, a sensación de **baleiro**, a sensación de "vou porque estou" sen que a motivación teña presenza, mergullándose nun **mundo virtual** que permite suplantar a realidade esgotadora, pero que a súa vez, é un tirano en función de "a quen se lle dá o like". Unha **euforia social**, cuxa contraface é unha dificultade extrema de atoparse coa presenza ansióxena do outro, **danos no corpo**, como acto de darlle existencia: “sentir algo”, pero tamén abeiro dunha dor que se fai carne para non facerse palabra.

É imprescindible abrir **espazos grupais** para traballar con eles e elas, tanto as ansiedades normais que implica o proceso adolescente, como as dificultades e retos aos que se enfrontan hoxe. Dende a Metodoloxía ProCC propoñemos a creación de espazos que permitan **achegamentos intermedios** entre o que terapéutico e o preventivo, instituíndo o concepto de **Normalidade Suposta Saúde**, para darlle un lugar específico aos **malestares da vida cotián** dende unha orientación comunitaria. Pretendemos neste obradoiro achegarnos a estes conceptos.

Impartido por **Alfredo Waisblat.** Psicólogo. Especialista no Método ProCC. Membro do Equipo docente do Centro de Desenvolvemento de Saúde Comunitaria Marie Langer.

ACIS (Axencia de Coñecemento en Saúde)

Santiago de Compostela - Venres 27 de xaneiro. De 10.00 a 14.00

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE

ProCC

Marie Langer
Centro de Desarrollo de Salud Comunitaria